

Edita: Club Montañeiros Celtas.
 Dirección: Xulio Troitiño Dapena
 Coordinación: Xulio Troitiño Dapena - Deseño e maquetación: Enrique Soto
 Traducción: Xulio Troitiño - Normalización lingüística: Xulio Troitiño
 Colaboran neste número: Xulio Troitiño, Conchi Gilino, Mercedes Dafonte Fontao, Itziar Melendo, Carmen Portabales, Xabier Posa, Silvia, Mónica e Nerea, Daniel Cavelo Fernández, Alex Comesaña Puime e as seccións deportivas do club.

Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.
 Imprime: Garpe. Depósito Legal: VG:40-1998. Impreso en papel reciclado.

Subvencionado pola
 Presidencia da Xunta
 de Galicia.
 Secretaría Xeral de
 Política Lingüística.



XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral de Política Lingüística



Colabora
 Concello de Vigo
 - Área de
 Participación
 Cidadá



CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

Nº 99

MAIO - XUÑO 2009

Editado 22/05/09

VINDEIRAS ACTIVIDADES

MES	DÍA	LUGAR	ACTIVIDADE	ORGANIZA
XUÑO	6-7		Curso Escalada en Vías de Varios Longos	FGM-EGAM
	6		V Campeonato galego de escalada de base	FGM- M.Celtas
	7	Foso do Lobo	Sendeirismo en Portugal	S.D. Sendeiros
	13-14		Marcha con vivac	FGM- Trevinca
	13-14		Curso escalada en fendas	FGM- EGAM
	20-21	Albite	Btt no Xurés	S.D. Bici de Montaña
	20-21	Cañón do Sil	Actividade de escalada	S.D. Escalada
	27	Ribeira	Inmersión submarina	S.D. Act. Subacuáticas
	27-28		XIII Campamento infantil-xuvenil de espeleoloxía	FGE
	27-28		Curso de Escalada en Terreo desequipado	FGM- EGAM
	27-28		XXXVIII Campamento Infantil-Xuvenil	FGM- Peña Trevinca
	27-28		Curso de descenso de Barrancos	FGM- EGAM
27-28	Asturias	Travesía Pajares-Ubiña	S.D. Montaña	
XUÑO	4-5	Vegacervera	Xornadas de escalada	S.D. Escalada
	5		Xornada de achegamento ao descenso de cañóns	S.D. Espeleoloxía
	11	Ría de Aldán	Mergullo con tubo	S.D. Act. Subacuáticas
	11-12	San Isidro	Montañismo	S.D. Montaña
	18	Porto do Son	Inmersión submarina	S.D. Act. Subacuáticas
	18-19		XX Campamento galego de descenso de cañóns	FGE
	18-19	Camiña	Campamento de Verán	S. Actividades Sociais
	18-31	Alpes Franceses	Campamento de Alta Montaña	FGM
25-26	Caminha	Sendeirismo	S.D. Sendeiros	
AGOS.	31-8	Pirineos	Actividade en Pirineos	S.D. Montaña
	1-9	Cantabria	Campaña Hornijo 2009	S.D. Espeleoloxía
	23	Cañón do Sil	III Carreira de Montaña -Copa de España	FGM -C.M.Ribeira Sacra

V CAMPIONATO GALEGO DE ESCALADA DE BASE (ano 2009)



DÍA: SÁBADO 6 DE XUÑO
 HORA: DE 16 A 19 HORAS
 LUGAR: PAVILLÓN DAS TRAVESAS-VIGO
 ROCÓDROMO MUNICIPAL
 PISTA VERMELLA

2 CATEGORÍAS:
 DE 3 A 11 ANOS: NON COMPETITIVA
 DE 12 A 17 ANOS: COMPETITIVA
 (DAS VÍAS CLASIFICATORIAS+FINAL)

Agasallos e merenda para todos
 Premios e Trofeos para os
 competidores

Inscripcións de balde no Club organizador
 Remata a prazo o día 4 de xuño



Neste número:

Campionato Escalada	1
Pirineos 2009	1
Información Xeral do club	2
Montañismo	3
Esquí de Montaña	3
Sendeirismo	4
Escalada	4
Bici de Montaña	5
Infantil	6
Actividades Subacuáticas	6
Espeleosección	7
Vindeiras Actividades	8

LEMBRADE QUE ESTE ANO TAMÉN HAI ACTIVIDADE DE MONTAÑA EN PIRINEOS!




Un ano máis, na primeira semana de agosto (31 xullo - 8 de agosto), o club Montañeiros Celtas proponvos unha actividade de montaña nos Pirineos.

A sección de montaña está a traballar para organizar unha actividade interesante, para que os socios e socias do club poidades gozar dunhas boas vacacións de verán. O lugar aínda está por determinar, pois estanse a barallar varias alternativas.

Así que xa sabedes, ide reservando as vosas vacacións de verán para pasalas con Montañeiros Celtas!

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

- ♦ Avda. Camelias 78, Oficina K. 36211 - Vigo
- ♦ Apartado de Correos 1836. 36200 - Vigo
- ♦ Teléfono: 986 438 505 - Fax: 986 912 220
- ♦ Internet: www.celtas.net
- ♦ Correo electrónico: info@celtas.net
- ♦ Horario: 19.00 h - 21.30 h, de martes a venres



INFANTIL

ACTIVIDADE NO GALIÑEIRO 28-29 marzo 2009

Boas chic@s, como ben sabemos estamos na primavera. E para celebralo achegámonos ata o galiñeiro a pasar unha fin de semana distinta. Como de costume saímos de camelias no C7 que nos deixaría no alto da garrida. Unha vez no merendeiro Ramón e Ana, organizaríamos unha rolda de xogos de todo tipo. Rematamos cansadísimos de correr e saltar...

Máis tarde dirixímonos ao refuxio do club, situado un pouco máis arriba do merendeiro. Alí comemos e preparamos os sacos para ter todo colocado para a noite. Despois dun anaco de tempo libre para dixerir a comida comezamos unha camiñada polos arredores do Galiñeiro. Primeiro visitamos os petroglifos, que aínda que algún xa os coñecía puxeron bastante atención nas explicacións de Fernando, presidente do club. Logo dirixímonos ás minas a ceo descuberto que se atopan preto da ruta cara ao Aloia, desviándonos un pouco e dándolle a volta a case todo o monte. Caeunos unha sarabiada que nos colleu a todos por sorpresa, e con frío e chuvia tivemos que correr ata o refuxio.

Achegándose xa a noite dispuxémonos a preparar a cea que Dani, o monitor (ou coveo, como os rapaces o coñecen) con axuda duns cantos nenos como Javi, Bruno, Candea...

Despois de cear, organizamos unha grande reunión chea de coreografías de baile (como a de Xela, Irene...), representacións teatrais, como as de (Antón, Roco. ...). Pasamos unha reunión de fábula. Deseguido a durmir e descansar, posto que ao día seguinte espertamos, almorzamos e subimos ás vías de escalada. Pasando moitísimo frío, aprendemos a descender pola corda rapelando, escalamos unha vía que aínda que parece doado, decidimos ascendela por unha parte con certas dificultades, pero os rapaces superáronna cunha mestría digna de

escaladores experimentados. Foi unha mañá moi completiña. Iso si, non se librou ninguén de subir, mesmo os mais atrevidos repetiron.

Pronto tivemos que baixar para refuxiarnos do frío insoportable que facía, e acendendo un pouco de lume no refuxio, puidémonos quentar as mans.

Pola tarde non obstante, despois de comer o sol comezou a subir as temperaturas, que nos permitiron recoller para poder baixar ao merendeiro a facer xogos que Ramón organizara.

E para rematar a xornada fixemos a pateada dende o refuxio polo encoro de Zamans, que nos levou hasta o alto da Garrida. Alí collemos o autobús que nos deixou en praza América e a pé, cansados xa de tanta actividade chegamos á Avenida Camelias, onde os nosos pais nos esperaban dende había xa un bo anaco. Foi unha fin de semana intensa. Espero vervos a todos en vindeiras actividades.

Saúdos a todos e todas.

Daniel Cavelo Fernández



ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS

Mergullo No Castro De Barra 5 Abril 2009

Erguerse cedo non é co que máis gozamos a maioría dos mortais, pero cando é para ir mergullar a cousa cambia unha chea. Prognóstico do tempo horrible; para nada atinado. Día e mar boísimo para gozar das profundidades da ría, na que sería a miña terceira inmersión. Quedamos no Club Illas Cíes ás 9:20 A.M., onde nos vestimos os neoprenos e cargamos a furgoneta co resto do material.

Dende o Náutico de Vigo saímos en embarcación pneumática dirección Castro de Barra, en augas de Cangas. O mar... un prato. Alexis, o xefe do grupo, instrúunos sobre o que iamos atopar e como estaba planeada a inmersión. Alá estábamos, equipados, e "alehop", a miña primeira entrada na auga dende pneumática, sinxelo. Uns tras outros e todos a remollo, cunha temperatura da auga fresca (13°C).

Como novato o que máis ocupaba os meus sentidos era a frotabilidade, aínda que estar rodeado de compañeiros experimentados traeche seguridade. Baixamos pola cabo de fondeo e iniciamos percorrido. Fomos en grupo, seis mergulladores emparellados seguindo a Alexis. Na inmersión tivemos unha moi boa visibilidade que nos permitiu gozar de rochas cheas de vida e colorido moi fermoso, deses sargos alleos aos novos intrusos, e dunha chea de seres que co tempo lles irei sabendo o nome.

A anécdota foi atopar un canón de ferro de non máis de dous metros, disimulado a ollos non experimentados, a súa historia esconderá. Polo de pronto xa están localizadas as súas coordenadas mediante boia e logo, en superficie, por GPS.

Tres cuartos de hora de inmersión e retorno a casa, cunha lareca de cabalo, típica en min, cando menos, do momento postmergullo.

Alex Comesaña Puime



MONTAÑISMO

SERRA DE GREDOS 9-12 de abril 2009

Era unha mañá fría de primavera, cando ao redor das sete, estábamos un grupo de 54 persoas cheas de ledicia e entusiasmo, esperando un autobús que nos levara ata o noso ansiado destino, Serra de Gredos, onde contábamos pasar uns días maravillosos gozando da natureza.

Sobre o mediodía e despois de parar polo camiño a tomar un almorzo ben quentiño, chegamos á Serra de Paramera. A idea era saír en dirección á Senda do Zapatero e ascender ao seu cumio, pero debido ás inclemencias do tempo, tivemos que quedar coas ganas.

Ao redor das oito da tarde, chegamos a San Martín de la Vega del Alberche (Ávila) onde estaba o albergue, do que hai que destacar o agradable, comfortable e quentiño que era. Ceamos moi ben e para rematar esa primeira xornada, houbo partida de cartas, ping-pong, etc..

O venres día 10 erguémonos moi cedo, nevaba e facía moito vento, pero como bos montañeiros, saímos dende Navaperal de Fornos cara ás Cinco Lagunas. A neve caía con forza, e empezaba a sarabiar. A maioría xantamos no refuxio e os máis valentes subiron á Lagoa Majaloescuela, desafiando ao mal tempo.

O sábado, gran parte do grupo percorremos o sendeiro G-R-10, dende o cámping de Navarrondo ata Peral de Tornos; polo camiño subimos a Hoyos del Espino. O día era soleado e tranquilo. Pasámolo moi ben, xa que puidemos contemplar unha fermosa paisaxe, aínda que houbo un momento que estábamos un pouco perdidos, pero como levábamnos uns guías moi bos, enseguida volvemos ao sendeiro.

O domingo pola mañá erguémonos moi cedo e despedímonos da xente do albergue, subimos as bolsas ao autobús e puxémonos en camiño cara a Plataforma de

Gredos. O día era frío, pero brillaba un sol espléndido. Tanto para min coma para moitos dos meus compañeiros foi un día moi especial, xa que sería a primeira vez que subíamos a un pico de 2.393 metros, ao Pico Morezón.

Ao redor das 14:30 horas saímos de regreso cara a Vigo, esgotados, pero pensando na vindeira viaxe que faremos cos Montañeiros Celtas e Peña Trevinca.

Persoalmente, esta foi a primeira viaxe de máis dunha xornada que fixen cos montañeiros, e debo destacar a fenomenal organización e o bo compañeirismo que hai entre todos.

Mercedes Dafonte Fontao



ESQUÍ DE MONTAÑA

Excursión A Manzaneda Xornada De Iniciación Ao Esquí De Travesía 1 febreiro 2009

O día amence anublado e chuvioso tras unha noite de vendaval. As ganas por esquiar son grandes e nada nos impide realizar a xornada segundo o previsto. Xente nova no club, e xente nova no mundo do esquí. Unha persoa á que lle gustan os retos e as cousas difíciles, decide poñer por primeira vez uns esquís, e estes son os de travesía. A actividade comezara o día anterior; clase maxistral impartida por Fernando e Marcos de como se coidan e enceran os esquís, pero hai quen se salta esta clase e vai directamente a esquiar (que cara teñen algúns, a verdade). Só cinco eramos os esquiadores noveis: Silvia, Carlos, Ramón, Iago e eu.

Chegamos á estación de Manzaneda con cadeas e con bastante vento, alí comeza a travesía. Pasamos por unha preciosa zona de abetos coas ramas cheas de neve recen caída, onde aproveitamos para facer unhas fotos, entre árbores o vento non era tan intenso e agradeciase. Seguimos a ascensión e practicamos como xirar para atacar a pendente.

O vento conxela a nosa cara e parte da roupa tamén, mentres ascendemos case sen visibilidade ata o vértice xeodésico e

chega o ansiado momento para todos... ou case todos. Comezamos o descenso, cada un como pode ou sabe, a neve non era a ideal, pero gozámolo. Pouco a pouco e uns máis rápidos que outros chegamos a un pequeno refuxio onde

practicamos o manexo do ARVA. Posteriormente continuamos pista abaixo ata chegar aos coches.

Despois do esforzo recuperamos forzas e entramos en calor no hostel de.....? Degustamos os seus caldos e potaxes e rímonos contando anécdotas vividas ou recordando os que non están. En fin, un bo día de neve co club.

Itziar Melendo



SENDEIRISMO

SENDEIROS: XISTELO 14 marzo 2009

Que maravilhosa é a vida montañeira rodeada de xente que comparte as mesmos gustos, gozando de todo o que temos ao noso redor e si aínda por riba nos acompaña o bo tempo mellor que mellor.

Tamén é de agradecer que Miguel Carrillo volviera a coller o cargo de vocal de sendeirismo, votábaselle en falta.

E que dicir da marcha; empezamos cun tempo excepcional, e como non unha subida que quitaba o sentido, (houbo quen se atopou mal e tivo que dar a volta, ánimo queda para outro día), pero unha vez que estás enriba vale a pena o esforzo. O primeiro que atopamos foron unhas brañas, onde quitamos unhas cantas fotos. Despois seguimos todo por un soto impresionante. Dende arriba as vistas son asombrosas. Chegamos ata outra aldea abandonada: "máis fotos", dende alí podíase ver todo o val cos socalcos a ambos lados, dende lonxe parecían escaleiras de veludo. Comeza a baixada por unha calzada romana, haber quen foi o listo que levou as pedras para alí, sería na época dos gladiadores?. Despois de baixar bastante chegamos ata outra aldea, esta xa non estaba

abandonado. Había unha fonte e alí puidémoso refrescar: vaia calor!.

Sorpresa de Carrillo, outra costa! Debeu pensar que nos parecera pequena a outra. Unha vez arriba un merecido descanso e a comer. Ata houbo sesta! Tamén obra de teatro! Eu durmía.

Despois de descansar puxémoso de novo en marcha. Comezamos a baixar e pasamos ao outro lado do val, onde collemos dende alí ao autobús. Polo camiño atopamos outra fonte, tivemos que facer cola para beber, esquecín dicir que o autobús ía cheo. Foi unha bonita marcha espero volver ver a todos de novo.

Carmen Portabales



ESCALADA

XORNADA DE INICIACIÓN Á ESCALADA 26 abril 2009

Eran as 9 da mañá (moi cedo, para ter en conta en próximas ocasións...) cando tres rapazas emprendedoras decidimos trocar os tacóns e o rimel por uns pes de gato e un casco de obreiro. Presentámonos puntualmente na porta do Club e de alí desprazámonos unha recua enorme de coches ata o Galíneiro. Era a nosa primeira vez, e coma calquera persoa virxe, en calquera tema, estabamos nerviosas e impacientes por comezar. Foi unha vez que chegamos ao refuxio, e comezou a clase teórica, cando xurdiron as primeiras dúbidas: Aguantará ben o nó que acabo de facer? Revisarían ben as cordas? Qué é o carallo do 8 ese?

Despois das instrucións básicas e cargadas con todo o material comezaba o noso paseño de 699 metros de altitude, cunha paradiña para deixar os bártulos. Alí quedaban algúns monitores preparando as vías de escalada. Case sen alento chegamos ó cume e alí, detras dunhas rochas, ben resguardadas do frío, puidemos gozar dunhas vistas panorámicas de Vigo e os seus arredores. Cando baixamos, cos músculos ben quentes, comezou o noso primeiro e tan ansiado contacto coa escalada. Silvia foi a primeira en superar o gran reto, cunha perna en Cuenca e outra en Teruel ía gabeando pasiño a pasiño, e aínda que ao principio custou, logo non había quen a parara, pero segundo ela "o mellor o rappel, porque para baixar todos os santos

Páxina 4



Club Montañeiros Celtas

axudan". Despois uns peor que outros fomos chegando a cumio,algúns con cara de susto, outros case sen alento, e outros cun sorriso de orella a orella.

E hayique dicir que a pesares de algunhas adversidades como: pantalóns rotos pola entreperna, xeonllos esfolados, unllas "limadas" moito esforzo e unha chea de frío foi unha grata experiencia.

Sen dúbida o mellor de todo a nosa empanada galega que levamos para repoñer forzas.

P.D: Unha especial homenaxe aos que tiñan estalagtitas no nariz, mentres vían como escalabamos e rappelabamos.

Silvia, Mónica e Nerea

BICI DE MONTAÑA

Bici De Montaña: Chan Da Lagoa Muiños Do Folón 29 marzo 2009

Un fermoso domingo, dunha primavera adiantada, xuntámonos no Chan da Lagoa (Baiona), uns atrevidos cabaleiros. Primeiro preparamos nosas monturas e como case sempre, aire por ala, aceite por aquí.....non embargantes sempre nos chama a atención o cabalo de ferro do Vázquez, parece que se vai a desfacer por momentos pero.....segue en pé....Noso guía Xulio púxonos en marcha: seríamos uns 10. bosques de eucaliptos, pista de terra e pedras en bo estado , ata que chegamos ao primeiro cruce.....con mapas, gps, e moitos entendidos da zoa (como eu). Je,je, comezaron as dúbidas que nos acompañaron durante toda a marcha. Cabalgamos dirección das pozas de Mougás, pero pasámolas sen velas, je,je. Cando estabamos algo despistados apareceron uns pura sangue, que entre algo de mofa polo noso equipamento e disparidade, fixéronnos camiño ata un valado. Seica estas pistas non saían no gps nin nos mapas. Pois alá imos, como era de esperar, fixemos algún tramo cos cabalos ao lombo. Xuntámonos a repor enerxía ao carón do que serían uns muiños de vento pero que por razóns descoñecidas estaban en chatarra. O vento era forte, e as vistas unha marabilla: da costa de Oia á Guarda. Enfilamos dirección sur, baixamos por un pedregal, algo de estrada, pista de terra, pinchazos, escuma máxica, reventón. Todo segundo o previsto: gps medio tolo, o guía a punto de ser destituído,je,je,je...Atopamos uns sendeiristas e dimos cos famosos muiños do Folón.

Descanso, fotos, e darlle gusto aos sentidos coa observación desta obra hidráulica dos nosos ancestrais. Vistas do Miño: Santa Tegra. Regresamos con moitas dúbidas do camiño, pero como todos levan a Roma atopamos a estrada. dirección norte destino Torroña. Alí uns quedamos a xantar un bo cocido e cabrito, viño, etc. (as camareiras nin daban crédito do rápido que desaparecía o cocido, je, je). Outros optaron por regresar ás súas cabalerizas. Eu por problemas de loxística...con nome de muller, abandoei aos meus queridos cabaleiros, xa preto do seu destino final, feito pola estrada dirección Baiona pola serra. Unha boa ruta de aventura de orientación, seica non fomos pola ruta trazada pero tamén fermosa, deixaremos para outra volta a ruta real co gps, e o guía Xulio, que como sempre nos leva polo bo camiño.....ata outra.

Xabier Posa



Un Paseo Polo Morrazo En Bici: Cangas Cabo Udra Ría De Aldán 19 De Abril 2009

1, 2, 3,19, 20, Pero quenes son todos eses? Se na lista só había anotadas 5 persoas!!! Hai que ver, coma sempre a xente anotándose tarde e mal, e moitos deles sen avisar!!! Menos mal que na organización da saída hai capacidade de improvisación! (je,je). E menos mal que desta vez tiñamos un guía de luxo, coñecedor do terreo polo que nos tocaba rodar: MOITAS GRAZAS ROMÁN.

Pois si, esta foi unha saída multitudinaria, case parecía unha proba desas nas que dan regalos e de comer. Pero neste caso debeuse a que se nos uneu un grupo de ciclistas de Cangas. Que digo unir, se máis ben foi ao contrario: aproveitámonos da boa fé da xente da zona para que nos organizasen unha saída e poder gozar dos seus camiños e pistas.

Así comezamos na praia de Rodeira pedaleando polo paseo marítimo de Cangas, que case parecíamos uns domingueiros, para coller o sendeiro que discorre ao borde do mar ata a praia de Limens, onde collemos para o monte (xa se sabe, as cabras). E comezou a subida, quen dicía que na costa non había costas. Arf, arf, un pouquiño máis e xa estamos arriba. Coiro, vaia vistas! Pero se se ve a Ría de Vigo, a de Pontevedra e a de Aldán. Creo que mereceu a pena subir ata aquí enriba.

Agora a baixar, pero non vaiades tan rápido, non vedes que así non podemos gozar da paisaxe. Hai que ver, esta xente en canto se empina para abaixo!! Pero xa estamos na praia. E cal é esta? Disque que é a da Mourisca, pero se xa estamos

Nº 99 Maio-Xuño 2009 Depósito legal VG:40-1998

no concello de Bueu!. E agora? Para cabo Udra. Pero antes unhas fotiños neste camperelo onde os domingueiros se dedican ao churrasco e á boa vida. E nos cunha fame enriba!! Cando chegará ese ansiado furancho.

Ala, arreando, que é xerundio, e xa son horas de comer. Que bonito o cabo Udra, mágoa que fose un visto e non visto. Veña apurade, pero,.... que nos imos quedando sen xente!! Eu xuraría que eramos máis de 20 e agora apenas pasamos dos 10. Que cousas máis raras pasan nestas saídas de bicicleta!! E de súpeto, que xa, xa se acabou. Que parece que imos quedar a comer neste chiriquito de praia. Vaia, parecía que o mellor da saída estaba ao final. E con comida encargada!!

Vaia luxo de saída, se ata tivemos un sol maravilloso. Non se pode pedir máis!!

Xulio Troitíño



UNHA BOA RESPOSTA DOS SOCIOS, DA CONTINUIDADE Á DIRECTIVA

Finalmente, a miña dimisión como presidente non se le levou adiante, xa que houbo unha moi boa resposta dos socios do Club.

Cargos fundamentais para a existencia do Club, como Tesoureiro/a Secretario/a, xa están cubertos, e vogalías tan importantes como a de Montaña, Sendeiros, Infantil tamén se presentaron voluntarios para ocuparse dunha boa xestión comprometida de futuro.

Aínda faltan, cultura e medio ambiente, actividades sociais, refuxios e sección de veteranos, pero podemos dicir que o noso club saíu airoso desta pequena "crise" de directivos.

Quero Aproveitar esta oportunidade para saudar aos que acaban de chegar a esta Xunta.

E tamén en nome de todos os socios do club, quero

agradecer o traballo tanto dos que seguen presentes na actual Directiva, como dos que se marchan da Directiva despois de tantos anos: moitas grazas polo seu xeneroso traballo.

Esta é a actual Xunta Directiva:

Presidente: Fernando Fernández Rey

Vicepresidenta: Maruxa Pérez Barreira

Secretaria: M^a Elvira Álvarez Iglesias

Tesoureira: Silvia Bermúdez Pérez

Vocal de Montaña: Carlos Fernández Rivas

Vocal de Sendeiros: Miguel Carrillo Estévez

Vocal de Xuventude: Alberto Fontenla Pita-Baamonde

Vocal de Espeleoloxía: Carolina Rodríguez Domingo

Vocal de Esquí: Marcos Rodríguez González

Vocal de Bici: Xulio Troitiño Dapena

Vocal de Subacuáticas: Óscar Quiñones Prado

Vocal de Infantil: Ramón Rodríguez Villar

Vocal de Escalada: Iago Rodríguez Estévez

CAMPAMENTO DE VERÁN

O fin de semana do 18-19 de xullo celebramos o tradicional campamento de verán. Este ano toca ao lado da casa, en Camiña, no Cánting que está ao lado da praia de Camiña.

O prezo do cámping é de 5,40€ por tenda e de 4,90€ por persoa.

O sábado 18 haberá sardiñas, viño, dulces, e esperamos que moito ambiente e moi bo rolo por parte dos soci@s que ata alí se acheguen a iso das 21:00 horas.

E o domingo, se non o impide a resaca e cansanzo da juerga do día anterior, haberá dúas actividades para escoller: sendeirismo e piraguismo. A actividade de sendeirismo estará guiada polo noso vocal de sendeiros, Miguel Carrillo, e actividade de piraguas farémola coa empresa MIKAYAK, saíndo desde o estuario do Río Miño.

Contamos convosco!



FESTA DE PRIMAVERA

O Club, no seu boletín do pasado mes de abril, comunicábanos a celebración da Festa da Primavera para o día 8 de maio no Local Social. Xa sabedes que este tipo de celebración é para facilitar encontros entre os socios que permitan coñecernos, relacionarnos, e deste modo lograr unha boa harmonía de grupo que esperte o interese polas actividades do Club. Este maior ou menor interese é o que mantén a pervivencia de Montañeiros Celtas.

Sen perder o fío da nosa festa, coméntovos que case, case foi un rotundo fracaso. Ás 9 da noite estabamos unhas doce persoas. Tendo en conta o gasto do Club para a súa celebración podédesvos imaxinar a dilapidación para as "nosas arcas" ademais da desilusión das/os colaboradoras/é na súa preparación. Pero isto é o de menos.

O pasado 24 de abril Greenpeace tratou o tema dos

transxénicos; á cita acudimos seis socios. A charla iniciouse con media hora de atraso e unha única persoa. ¿Imaxinades a cara dos membros desta ONG? Y ¿como se sente a Directiva despois de concertar a cita con Greenpeace? Creo que non quedamos en bo lugar.

Xa vedes, dous actos con escasísima afluencia de socios. Por iso pídovos a vosa colaboración para que ademais de participar nas actividades deportivas que sexan do voso interese acudades a outras de tipo social. Un ¡hola! ¿como estás?, ¿que tal a saída do domingo? ..., é suficiente para estreitar lazos e sentirnos a gusto, tanto dentro como fóra do Club.

Recordade, o Club somos TODOS.

Conchi Gilino.

P.D. En Setembro celebrarase a Festa do reencontro, estade atentos á data.

Vindeiras actividades

Seguindo o acordado, ampliaremos o noso radio de acción a novas zonas de mergullo:

Domingo 31 de Maio teremos unha cita para mergullar no entorno da Illa de Arousa ou no seu defecto San Vicente do Mar no Grove

Sábado 27 de Xuño se se porta ben Jacinto visitaremos Ribeira e se non pois irémonos mergullar a outra apetecible, Illa de Ons.

Sábado 11 Xullo, xornada completa de convivencia nunha calita paradisíaca de Hío; Nos extasiaremos

admirando as magnificas vistas dese gran descoñecido, o "Faro de Punta Couso", entraremos noutra furna, totalmente distinta ás anteriores "Furna do Cano", coñeceremos o colorido dos seus fondos mariños mergullando con tubo e ...algunha sorpresa máis...

Sábado 18 Xullo mais novidades; esta vez descubriremos os baixos da ría de Noia desde Porto do Son.

Dende a vosa sección de mergullo desexamos que todas estas saídas sexan de voso agrado

ESPELEOSECCIÓN

SEMANA SANTA ESPELEO EN CUENCA

9 - 11 abril

A verdade é que esta semana santa empezou mal e rematou mal. Xa facía anos que non marchabamos toda a semana enteira e este ano tocou saír só os días festivos, pois parecía que para a maioría as obrigas laborais non lles permitían dispor de toda a semana. Pois ben, aínda así decidimos seguir cos plans e irnos a Cuenca. Chegamos a Poyatos o xoves a primeira hora da tarde e demos unha voltiña para coñecer a zona e descansar un pouco de tanta viaxe. Cea quentiña e para o saco, que o venres si que había que facer actividade. Ese día amenceu un pouco poallento e fresco....preparamos o material e primeiro fomos visitar "Los Callejones de las Majadas", unha especie de Cidade encantada. E menos mal que fomos dar un paseíño por esa zona antes de ir para a cova, que estaba alí cerca. Nada máis montarnos nos coches para ir á zona de covas, empeza a nevar, e a nevar. Decidimos só achegarnos ata a boca para localizala, pois víamos dubidoso o retorno por aquelas pistas cheas de neve. No ratiño que estivemos de busca (ao sumo media hora) o bosque cambiou radicalmente, cubríndose cunha boa capa de neve branca.

Decidimos volver ao cámping, comer e a ver como se presentaba a tarde. As estradas estaban cheas de neve e incluso tivemos que empurrar o coche para que subirá por unha costa. Á tarde, demos unha voltiña por unha senda botánica e o tempo aguantou. De volta para o cámping, cea, charla e para o saco, onde Lourdes xa levaba dende o xoves á noite cunha forte gripe que non lle deixou levantarse nin para comer.

Esa noite, volveu nevar e aínda con máis gañas, así que o panorama non era moi alentador. Neve, neve e máis neve; sen poder chegar ata as bocas das covas polo mal estado das pistas e algún que non levou cadeas....(Óscar, ¿noutra non caes,eh?)

Pois ao final, decisión conxunta de volvemos para Vigo, ante o panorama de neve e a gripe de Lourdes, así que recolleemos todo e cargamos outra vez os coches e ala, a facer 800 km de volta sen ter feito nada de espeleo nin de canóns, tal e como estaba planeado. Por iso que empezou mal e rematou

tamén mal, pero aí queda esa zona á que temos que volver con mellor e máis tempo.

XXXIII Campamento Galego de Espeleoloxía FGE-CEM Taranis. 25-26 abril. Cobas (Ourense)

A pasada fin de semana do 25-26 celebrouse no refuxio da FGE en Cobas (Ourense) o XXXII Campamento Galego de Espeleoloxía. Este ano foi organizado por un novo club de Lugo (CEM Taranis) de xente xa coñecida. Aproveitouse esta concentración de espeleólogos para adecentar e pintar o refuxio, ultimamente bastante deteriorado polo paso do tempo. Houbo que enfundar o mono (esta vez de traballo) e a brocha e o roliño. Houbo bastante xente voluntariosa que se aplicou a fondo na renovación de cara do refuxio e a verdade é que boa falta lle facía. Tapáronse grietas, pintáronse contras, paredes exteriores e interiores,....unha boa faena.

Pero claro, o campamento era de espeleo, así que fixemos oco para enfundarnos o mono (esta vez de espeleo) e achegarnos ata a Cova de Cornatel, onde percorremos as súas galerías máis significativas e algunha outra que non coñecíamos.

O domingo foi día de ir rematando traballos pendentes (aínda quedan algunhas cousas por rematar) e de recoller e volver para Vigo.

A Sección

